

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Xosé B. Abraira, a Lois Tobío Fernández do 21/03/1985

Colección:

Data: 21/03/1985

De:

Xosé B. Abraira;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Teodoro García, 3535, dpto. 5 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Castelao; Francisco Fernández del Riego; Ramón Martínez López; Valentín Paz-Andrade; Manuel Puente; Rosa Puente;

Notas do editor:

Carta de dúas páxinas.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Xosé B. Abraira, a Lois Tobío Fernández do 21/03/1985

Buenos Aires, Marzal 21 de 1985

Sr. Dn.
Luis Tobío
Bonetero 5
Madrid

Mui estimado amigo e dilecto irmao:

Por fin acadei noticeas suas; fai tres anos tratei de velo en Madrid e non puiden atopalo. O ano pasado, cando fun acompañando os restos mortaes de Castelao, pensei atopalo en Galicia: crein que a Xunta invitaría de xeito especial as primeiras figuras do galeguismo histórico. Non invitaron a naide; agás Martínez López, todos os demais como Paz Andrade, del Riego etc. estaban mesturados ca mitedume. Isa e a Autonomía que nos tocou en sorte.

Creo que onte mesmo escribiulle a Vde. a filla de Dn. Manuel Puente. Fai un tempo apareceron nos escaparates das librerías de Bs. Aires exemplares de unha nova edición da Historia de Galiza que en Montevideo estivera a cuidado de Vde. E di mui campante "con licecia de los herederos de Dn Manuel Puente". Sorprendida Rosita falou conmigo e eu dixenlle que se dirixira a Vde, pois a edición ten pe de imprenta en Madrid. Permitinme esta molestia a Vde por ser conecedor do problema; e eu persoalmente ei de agradecerlle vexa e aconselle o que debe facerse.

Según puiden saber en Galicia está Vde. un tanto ao marxen das liortas e seitores do que facer político do galeguismo, puiden notar que sigue gozando do prestixio que sempre mereceu entre os "bos e xenerosos" incluso lamentaban non estivera vostede en Galiza muita xente nova: estudantes etc...

E por hoxe ren mais querido Don Luis; presente os meus saudos a sua dona e Vde reciba unha aperta de quen o segue considerando mestre.

Abraira [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.